TRINIDAD LORENZO LEMA (1 para 6)
ADMINISTRATIVA
Data de Sinatura: 18/06/2026
HASH: e7a8f032daf6674586deb22db5b459057

CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (2 para 6)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 18/06/2026
HASH: 289e1c52eda88828aa5d3c03e66917ee

MARIA DEL PILAR DOMINGUEZ PANADERO (3 para 6)
TRABALLADORA SOCIAL
Data de Sinatura: 19/06/2026
HASH: c74d559aa7e15405c9d80fa4c309dc62

ACTA DA MESA DE CONTRATACION CONVOCADA PARA A APERTURA E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN DO SERVIZO "CATERING PARA A O COMEDOR ESCOLAR DO CEIP COIRON - DENA".

EXPEDIENTE: 190/2026

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 09:14 horas do día 18 de xuñoo de 2026 reúnese a Mesa de Contratación, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 16/06/2026, nº 2026-0339, integrada por Dª Beatriz Lopez de Castro García, secretaria-interventora municipal, Dª María del Mar Pereira García, técnico de xestión administración xeral, Dª María del Pilar Domínguez Panadero, traballadora social, Dª Cristina María García González, informadora xuvenil e Dª Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para a constitución e apertura da documentación do procedemento de licitación do servizo "Catering para o comedor escolar do CEIP Coirón - Dena".

A convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado, da contratación do servizo "Catering para o comedor escolar do CEIP Coirón - Dena" foi publicada no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 26-05-2026, ID 828166, cun prazo de presentación de ofertas de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación; rematando o prazo de presentación de ofertas o día 16 de xuño de 2026.

De seguido, a partir das 09:18 horas, accédese ao Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para proceder á apertura das proposicións das empresas presentadas, que son as seguintes:

Empresa	**Data de presentación**	**Hora**
GRUPO GALLEGO CATERING ARELAS, S.L.	11/06/2026	12:43
JOSE FAJARDO S.L.	15/06/2026	15:51

Que formulan as seguintes propostas:

- GRUPO GALLEGO CATERING ARELAS, S.L.:

1.-PREZO OFERTADO MENÚ (puntuación máxima de 70 puntos):

SEN IVE (en núm. e letra).	IVE (en núm. e letra).	TOTAL(en núm. e letra).
4,20€	10%	4,62€

2.- MELLORAS OFERTADAS (puntuación máxima 30 puntos)

2.1. Dotación das instalación de equipamento relacionado co comedor que redundarán nunha

Cod. Validación: 4AAMAM9SRMHHR76RT339M4H5N
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

CRISTINA MARIA GARCÍA GONZALEZ (4 para 6)
INFORMADORA JUVENIL
Data de Sinatura: 19/06/2026
HASH: 2ff6f1a54545fe0b8319a8616832ec62

MARIA DEL MAR PEREIRA GARCIA (5 para 6)
TECNICA MEDIA DE XESTION ADMINISTRATIVA
Data de Sinatura: 18/06/2026
HASH: b8cebc2b7126a7a3b0c75fee5e1524d5

BEATRIZ LOPEZ DE CASTRO GARCIA (6 para 6)
SECRETARIA-INTERVENTORA
Data de Sinatura: 18/06/2026
HASH: caf7dba5e590f6c26d64aebcd9a10224

mellora na calidade da prestación *(Indicar SI/NON)*

SI

2.2. Oferta menús/ano sen custo para o Concello (*Indicar nº de menús ofertados)*

N.º de menús ofertados: **150**

2.3. Número e rotación de menús *(marcar el ofertado)*

_____Oferta de 10 menús diferentes

_____Oferta de 15 menús diferentes

Non facemos rotación menús, cada semán e diferente

- JOSE FAJARDO S.L.:

1.-PREZO OFERTADO MENÚ (puntuación máxima de 70 puntos):

SEN IVE (en núm. e letra).	IVE (en núm. e letra).	TOTAL(en núm. e letra).
3.85€. TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS	0.39€. TRINTA E NOVE CÉNTIMOS	4.24€. CATRO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS

2.- MELLORAS OFERTADAS (puntuación máxima 30 puntos)

2.1. Dotación das instalación de equipamento relacionado co comedor que redundarán nunha mellora na calidade da prestación *(Indicar SI/NON)*

SI

2.2. Oferta menús/ano sen custo para o Concello (*Indicar nº de menús ofertados)*

N.º de menús ofertados: **150 menús/ano**

2.3. Número e rotación de menús *(marcar el ofertado)*

_____Oferta de 10 menús diferentes

X Oferta de 15 menús diferentes

Trala apertura das propostas e na mesma sesión, a Mesa procede a:

a) Comprobar a documentación presentada polas empresas participantes e a inscrición no Rexistro

Cod. Validación: 4AAMAM9SRMHHR76RT339M4H5N
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público e/ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, constatándose que se atopan inscritas e con carácter xeral a documentación se axusta ao esixido no Prego de Cláusula económico-administrativas que rexe nesta contratación.

b) Avaliar e clasificar as ofertas.

De seguido a Mesa procede a valorar a oferta e documentación contida no Sobre, resultando a seguinte puntuación :

190/2026-CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CATERING DO COMEDOR ESCOLAR COIRON (DENA)		PREZO	PUNTACION PREZO (ATA 70 PUNTOS)	MELLORAS			PUNTUACION TOTAL
oferta	EMPRESA			a. dotacion de equipamento – nevera (10 ptos)	b. Oferta menus/ano sen custe (ate 10 ptos)	c. número e rotación de menús (ate 10 puntos)	
1	JOSE FAJARDO SL	3,85 €	70	10	10	10	100,00
2	GRUPO GALLEGO CATERING ARELAS SLU	4,20 €	64,17	10	10	0	84,17

Resultando a empresa JOSE FAJARDO S.L. proposta para a adxudicación do contrato do servizo de "Catering para o comedor escolar do CEIP Coirón - Dena".

Comprobado no Rexistro Oficial de licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público se a empresa JOSE FAJARDO S.L. está constituída, o/a asinante da proposición ten poder para formular a oferta, non se atopa incursa en ningunha prohibición para contratar, conta coa clasificación M-06-3, constátase que cumpre.

Á vista do que antecede, en virtude do establecido polo artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Mesa de contratación acorda requirir á empresa proposta, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o día seguinte a aquel no que houbese recibido o requirimento presente a seguinte documentación:

1. Habilitación empresarial. Os licitadores deberán acreditar a súa inscrición, mediante certificado, no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.

2. Garantía definitiva. Resgardo acreditativo da constitución da garantía definitiva que sexa esixible. Dita garantía poderá constituírse en calquera das formas legalmente previstas no artigo 108 LCSP.

3. Certificado de atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias coa AEAT, Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

4. Alta no Imposto de Actividades Económicas e último recibo de pago.

Cod. Validación: 4AAMAM9SRMHHR76RT339M4H5N
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

5. Documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP.

A empresa contratista está obrigada a aportar, para a realización do servizo, o persoal, equipos e medios auxiliares que sexan precisos para a boa execución de aquel, así coma os ofertados:

a) Medios persoais o adxudicatario/a deberá contar para a prestación do contrato, a parte de tódolos medios persoais necesarios para o cumprimento do contrato, co seguinte persoal de perfil técnico:
A/o adxudicataria/o deberá contar cunha persoa especialista en dietética e nutrición (deberá contar co título de Técnico/a Superior en Dietética ou equivalente debidamente acreditada) para a elaboración dos menús.

Na fase de acreditación da dispoñibilidade de medios para a execución obxecto deste contrato, a empresa adxudicataria deberá comunicar ao Concello que dispón de esta persoa especialista xunto co seu nome, apelidos e número de colexiada/o, acompañado do título e o certificación de colexiación e o réxime de vinculación coa mesma (empregado da empresa, contrato de servizos, etc).

b) O centro de elaboración de alimentos: debe contar co correspondente rexistro sanitario.

c) O vehículo de transporte: deberá ser adaptado para esta finalidade e contar coas correspondente autorización e inspección técnica en vigor.

5. Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato. Dito seguro de Responsabilidade Civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 300.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais ocasionados a terceiros.

As garantías mínimas esixidas para este seguro de Responsabilidade Civil serán:

- RCivil Explotación – incluíndo a garantía de RCivil Subsidiaria no caso de subcontratar algún servizo do contrato.
- RCivil Patronal – cun sublímite por vítima nunca inferior a 300.000 €
- RCivil Post-traballos / Servizos
- Defensa xurídica e Fianzas.

A póliza resinada deberá prestar cobertura durante todo o período da execución do contrato e ata a conclusión do mesmo, polas reclamacións acontecidas durante este período de execución e que sexan reclamadas tras 24 meses despois da súa finalización.
Antes da formalización do contrato, o Concello de Meaño disporá de copia da póliza subscrita, así como tamén do correspondente xustificante do recibo liquidado, sendo obrigación da adxudicataria o pago do recibo xerado pola póliza, sendo da súa exclusiva responsabilidade calquera defecto de cobertura orixinada pola falta de pago.

E non sendo outro o obxecto desta mesa de contratación dáse por rematada, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan dixitalmente os/as participantes.

Cod. Validación: 4AAMAM9SRMHHR76RT339M4H5N
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4